

Prego de condicións para a contratación dun servizo de difusión e organización de eventos para a Business Factory Food

1	Antecedentes	1
2	Obxecto e descrición dos traballos.....	2
3	Control e verificación dos traballos.....	5
4	Prazo de execución.....	6
5	Orzamento de referencia.....	6
6	Prazos de facturación e pago.....	6
7	Criterios de valoración.....	7
8	Documentación a presentar por parte dos oferentes.....	9
9	Presentación de ofertas	9
10	Emendas.....	9

1 Antecedentes

A Business Factory Food (BFFood) é a aceleradora do sector alimentario de Galicia, impulsada pola Xunta de Galicia e implementada e xestionada polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga). A BFFood busca atraer e impulsar proxectos innovadores de emprendemento, tanto nacionais como internacionais, para facer fronte aos retos do sector alimentario nunha contorna global.

BFFood ten por obxecto implementar programas de apoio ao emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector alimentario e á súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables. BFFood está enfocada a resolver os retos das empresas do sector, para o que lanza convocatorias públicas cuxo obxectivo é buscar, identificar e seleccionar proxectos que estean aliñados coa resolución dos retos expostos e apoialos para chegar ao mercado con maiores garantías éxito.

A BFFood comezou a operar no 2019 e, dende entón, levou a cabo seis edicións, tendo apoiado máis de 60 proxectos de emprendemento innovador.

O Clusaga vén de asinar un convenio co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (XesGalicia) para a continuidade do Foco de Emprendemento no Sector Alimentario de Galicia (Business Factory Food – BFFood) para a execución de tres edicións, no período 2025-2027.

A BFFood conta cos seguintes programas ou fases:

1. Fase de incubación: o obxectivo na fase de incubación é que os proxectos consigan validar a necesidade identificada e definir o seu modelo de negocio e un plan de empresa. Ten unha duración de 3 meses.
2. Fase de aceleración: O programa de aceleración, de 9 meses de duración, terá por obxectivo axilizar o proceso de desenvolvemento dos proxectos ata a consecución dun produto ou servizo comercializable, con validación do modelo de negocio e desenvolvemento dun produto mínimo viable.
3. Fase de consolidación: O programa de consolidación, de 9 meses de duración, terá por obxectivo axilizar a conversión dos proxectos en modelos de negocio estables, co incremento de vendas e ingresos recorrentes ou o avance cara a internacionalización.

O calendario aproximado de desenvolvemento da BFFood é o seguinte:

- Inicio de fases de aceleración e consolidación (edición 7): terceiro trimestre de 2025.
- Inicio de fase de incubación (edición 8): primeiro trimestre de 2026.
- Inicio de fases de aceleración e consolidación (edición 8): segundo trimestre de 2026.
- Inicio de fase de incubación (edición 9): cuarto trimestre de 2026.
- Inicio de fases de aceleración e consolidación (edición 9): primeiro trimestre de 2027.

2 Obxecto e descrición dos traballos

No marco do convenio para a continuidade da BFFood, Clusaga busca a contratación para prestar os servizos de difusión e organización de eventos do programa da Business Factory Food (BFFood), garantindo unha comunicación eficaz, coherente e aliñada coa estratexia de comunicación da iniciativa de *social media management*, xestión de contidos dixitais e apoio na organización de eventos.

Os servizo débúllase en dous bloques

BLOQUE I. XESTION DE CONTIDOS, DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN

A. Elaboración de plans mensuais de contidos

- Definición dunha estratexia de contidos aliñada cos obxectivos da BFFood.
- Creación de calendarios editoriais mensuais, detallando os temas, formatos e canles de publicación.
- Identificación de oportunidades para reforzar a presenza da BFFood en medios dixitais e identificación e aproveitamento de tendencias relevantes no sector agroalimentario e da innovación.
- Coordinación cos responsables da BFFood para validar e axustar os contidos planificados.

A planificación das accións de comunicación deberán axustarse ao ciclo de vida das varias edicións da BFFood; isto é, reforzando accións de difusión en momentos clave, tales como: difusión da convocatoria aberta para incrementar a captación de proxectos; promoción de eventos; ou a promoción dos proxectos apoiados.

B. Social media management e community management do perfil da BFFood en RRSS

- Creación, publicación e programación de contidos optimizados para a plataforma.
- Xestión diaria do perfil oficial de BFFood en LinkedIn, incluíndo a monitorización da actividade e interacción coa comunidade (resposta a comentarios, mensaxes, etc.)
- Elaboración de informes mensuais con métricas clave de desempeño (alcance, *engagement*, evolución da comunidade, etc.).
- Contratación de campañas de LinkedIn para a difusión das convocatorias VIII e IX

C. Preparación e publicación de contidos na web de BFFood

- Redacción e actualización de novas, entrevistas e artigos de interese vinculados á actividade da BFFood. Esta labor realizarase en colaboración cos responsables da BFFood.
- Optimización dos contidos para SEO e mellora da súa visibilidade en buscadores.

D. Deseño de materiais gráficos de BFFood

- Deseño gráfico e actualización de modelos (modelo de PowerPoint, Word) coa imaxe corporativa da BFFood.
- Deseño de X-banners, photocall e carteis
- Deseño e maquetación de folleto promocional da BFFood.
- Elaboración de vídeo promocional da BFFood.

E. Elaboración de materiais de difusión dos proxectos da BFFood

- Planificación e deseño de vídeos e entrevistas aos emprendedores e start-ups participantes na BFFood nas fases de aceleración e consolidación, a realizar á fin de cada edición (3 edicións).
- Deseño de materiais gráficos e escritos para promocionar os proxectos apoiados nas fases de aceleración e consolidación pola BFFood, incluíndo o deseño e maquetación do catálogo de proxectos.
- Interacción coas start-ups para a recollida da información necesaria para a elaboración dos materiais e vídeos.

F. Xestión de medios e publicidade

- Definición e execución dun plan de medios orientado a maximizar a visibilidade da BFFood nas súas distintas fases, incluíndo convocatorias, eventos e proxectos.
- Redacción e difusión de notas de prensa, comunicados e outros contidos informativos en coordinación cos responsables da BFFood.
- Xestión de relacións cos medios de comunicación, promovendo entrevistas, reportaxes e mencións en medios rexionais, estatais e sectoriais.
- Contratación e seguimento de publicidade en medios, xeralistas e especializados garantindo a coherencia coa identidade corporativa da BFFood. Alomenos a elaboración e difusión dun publisreportaxe.
- Elaboración de informes de avaliación e impacto das accións de comunicación e publicidade.

BLOQUE II. XESTION DE EVENTOS, DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN

Para garantir o éxito dos eventos clave do programa Business Factory Food (BFFood) e reforzar a súa proxección en Galicia e fóra dela, solicítase apoio integral na organización, comunicación e avaliación das seguintes accións:

A. Eventos BFFood en Galicia

Inclúense os **Pitch Day e Infoday das edicións VIII e IX**, así como os **Demoday correspondentes aos anos 2026 e 2027**. O apoio solicitado abrangue a organización técnica, a comunicación e o seguimento posterior de cada evento, con tarefas que inclúen:

- **Apoio na organización do evento:** identificación e contacto con perfís axeitados de relatoras e relatores, avaliadores e moderadores; convocatoria e coordinación de autoridades e entidades colaboradoras; xestión integral de inscricións e asistencia; e reserva e acondicionamento dos espazos de celebración. Ademais, inclúese a **xestión das viaxes e do aloxamento das relatoras e relatores convidados de fóra de Galicia**, cando sexa necesario para garantir a súa participación.
- **Difusión previa e convocatoria:** adaptación e execución dun plan de contidos específico en función da temática e obxectivos de cada evento; deseño e produción de materiais de comunicación (programa, banner, convites, sinalética, acreditacións, presentacións, etc.); e apoio na convocatoria de participantes, medios e entidades colaboradoras.
- **Difusión en redes sociais:** planificación e publicación de contidos antes, durante e despois do evento, garantindo a coherencia da mensaxe co posicionamento de BFFood e Clusaga.
- **Cobertura do evento:** realización de fotografías e vídeos; cobertura en redes sociais en tempo real; redacción e difusión dunha nota de prensa posterior; e recompilación de materiais audiovisuais e testemuños para comunicacións posteriores.
- **Informe de impacto:** elaboración dun informe final de resultados por evento, con análise de asistencia, perfís de público, repercusión en medios e redes sociais, alcance en prensa, e principais indicadores de visibilidade.

B. Participación en eventos significativos fóra de Galicia

Prevese o apoio á **organización da participación de BFFood en ata tres eventos relevantes fóra de Galicia** durante os anos 2026 e 2027, coa finalidade de reforzar a visibilidade do programa a nivel estatal e internacional. Este apoio incluirá:

- Coordinación coa entidade organizadora e **reserva do espazo expositivo (stand)**, así como o **deseño dos materiais expositivos e promocionais** asociados.
- Apoio loxístico e comunicativo previo e posterior á participación.

C. Participación en eventos de terceiros en Galicia

Inclúese tamén o **apoio á organización e comunicación da participación de BFFood en ata catro eventos de terceiros celebrados en Galicia nos anos 2026 e 2027**, co obxectivo de impulsar a presenza e recoñecemento do programa no ecosistema galego de innovación. As tarefas incluírán a coordinación loxística, deseño de materiais e cobertura comunicativa.

3 Control e verificación dos traballos

Co obxectivo de garantir a calidade dos traballos, a correcta execución das accións e o cumprimento das obrigas contractuais, o seguimento da axencia de comunicación adxudicataria realizarase mediante os seguintes mecanismos:

A. Reunións periódicas de seguimento

- Realización de **reunións mensuais de seguimento**, co fin de revisar o estado das accións en curso, analizar o cumprimento dos prazos e obxectivos, revisar o plan de contidos do mes seguinte e establecer prioridades.
- Presentación de avances, resolución de dúbidas e proposta de melloras continuas nas liñas de comunicación, difusión e organización de eventos.
- As reunións poderán celebrarse de forma presencial ou telemática, segundo o tipo de acción e a fase de execución.

B. Informes de execución

- Entrega de **informes trimestrais de execución**, que se enviarán con carácter previo ás reunións trimestrais do Consello Executivo da BFFood, así como dun **informe anual consolidado**.
- Estes informes deberán recoller as accións desenvolvidas, o grao de cumprimento dos fitos planificados, as métricas de impacto, os indicadores de rendemento e as propostas de optimización para o seguinte período.
- No caso concreto das accións de **community management**, os informes incluírán datos detallados sobre o crecemento da comunidade, engagement, alcance das publicacións, interaccións xeradas e evolución da reputación dixital da marca BFFood.

C. Cumprimento de prazos e calidade da entrega

- Os traballos deberán ser entregados nos prazos establecidos no calendario acordado e coa calidade requirida en cada fase de execución.
- O **incumprimento reiterado dos prazos ou dos estándares de calidade** poderá dar lugar á aplicación de penalizacións ou, no seu caso, á resolución do contrato.

D. Asociación de fitos á liquidación orzamentaria

- O **cumprimento efectivo dos fitos e actividades recollidos no contrato** constituirá condición necesaria para a **liquidación dos orzamentos definidos para cada acción ou fito**.
- Cada pagamento parcial estará vinculado á **verificación do cumprimento satisfactorio** das tarefas asociadas ao correspondente fito, conforme aos informes de seguimento e documentación xustificativa presentada pola axencia.
- En caso de desviacións ou atrasos xustificados, poderanse **axustar os prazos de execución ou de pago**, previa conformidade de Clusaga, sen prexuízo das condicións establecidas no contrato.

4 Prazo de execución

O prazo de execución para os traballos derivados deste contrato estenderase dende a sinatura do contrato ata o 30/10/2026.

Este contrato renovarase automaticamente por un período anual ata o 30/10/2027, salvo comunicación en contrario por calquera das partes con 15 días de antelación á data de vencemento.

5 Orzamento de referencia

O orzamento máximo para cada período de traballo será como segue:

PERÍODO	ORZAMENTO MÁXIMO
Período, desde sinatura de contrato ata 30/10/2026 (inclúe as convocatorias da VII e VIII Edición)	24.075,41 Euros (IVE excluído)
Terceiro período, desde 01/11/2026 ata 30/10/2027	14.956,84 Euros (IVE excluído)

6 Prazos de facturación e pago

A facturación por parte da empresa adxudicataria derivará dos traballos efectivamente realizados no marco do contrato e deberá basearse no **cumprimento e xustificación dos fitos e actividades asociados a cada período de execución**.

O servizo estrutúrase en distintos **fitos e bloques de actividade**, correspondentes ás accións de comunicación, difusión e organización de eventos descritas no presente prego. En cada período de xustificación, a empresa adxudicataria deberá **presentar un informe técnico e económico** que recolla:

- As accións realizadas durante o período correspondente.
- Os resultados e evidencias do traballo executado (materiais elaborados, campañas difundidas, eventos organizados, métricas de impacto, etc.).

- A correspondencia destas accións cos fitos definidos e co orzamento asignado a cada un deles.

A liquidación económica realizarase **en función do grao de cumprimento e da xustificación documental presentada**. Unha vez aprobada por Clusaga, poderá emitirse a correspondente factura.

Con carácter xeral, prevese unha **facturación trimestral**, aínda que os prazos concretos de facturación e pagamento pecharanse no momento da sinatura do contrato, en función do calendario de actividades e dos períodos de execución acordados.

7 Criterios de valoración

1. Oferta económica – 15 puntos

O orzamento do contrato está fixado, polo que non se valorarán ofertas económicas á baixa. A puntuación asignarase en función do **grao de detalle, claridade e coherencia da proposta económica**, así como do **axuste dos importes por anualidade** aos períodos definidos nesta convocatoria.

A empresa oferente deberá presentar unha oferta económica desagregada por conceptos, diferenciando base imponible e impostos aplicables segundo a natureza xurídica do oferente e o servizo a realizar. A presentación da oferta sen o desglose requirido poderá dar lugar a un requirimento por parte da entidade contratante durante o período de emendas.

Criterio de valoración: orzamento detallado, coherente e correctamente axustado ao total por período e conceptos.

2. Experiencia na prestación de servizos similares – 20 puntos

Valorarase a experiencia da entidade oferente na **prestación de servizos similares nos últimos cinco anos (2021–2025)**, especialmente en áreas como **comunicación corporativa, xestión de comunicación dixital e redes sociais, organización de eventos e comunicación de programas de innovación empresarial**.

A empresa deberá achegar un **informe de experiencia** que inclúa como mínimo:

Nome do servizo	Nome ou tipoloxía do cliente	Breve descrición do servizo	Período de execución
-----------------	------------------------------	-----------------------------	----------------------

Clusaga poderá requirir documentación que acredite as experiencias indicadas. A falta de acreditación non invalidará a candidatura, mais non se asignará puntuación por este criterio.

Criterio de valoración: nivel de experiencia acreditada, relevancia e similitude dos servizos realizados co obxecto do presente contrato.

3. Calidade e grao de detalle da oferta técnica – 40 puntos

Valorarase a **calidade, estrutura e viabilidade da proposta técnica presentada**, así como a súa coherencia co obxecto e descrición dos traballos incluídos na sección 2.

A oferta técnica deberá describir de maneira clara e ordenada:

- A **metodoloxía proposta** para a execución das accións de comunicación, difusión e organización de eventos.
- O **plan de traballo detallado**, con fases, tarefas e prazos de execución.
- A **planificación de contidos e canles de comunicación**, incluíndo estratexia dixital, accións en medios, deseño de materiais e cronograma estimado.
- O **enfoque de coordinación co equipo de Clusaga e cos participantes de BFFood**, especificando ferramentas, dinámicas e mecanismos de seguimento.
- As **accións de avaliación e control de resultados**, con indicadores de rendemento e metodoloxía de reporte.
- O **enfoque de comunicación visual e creativa**, coas liñas de deseño propostas para manter unha identidade coherente coa marca BFFood.

Criterio de valoración: claridade, coherencia, nivel de detalle e viabilidade técnica da proposta presentada.

4. Calidade do equipo profesional asignado – 15 puntos

Valorarase o **perfil, experiencia e complementariedade do equipo que executará o servizo**, así como a **definición clara dos roles e responsabilidades de cada integrante** dentro do proxecto.

A oferta deberá incluír unha descrición do equipo asignado, indicando:

- Nome, cargo e funcións específicas de cada persoa no proxecto.
- Experiencia profesional e formación en áreas relevantes: comunicación corporativa, marketing dixital, redes sociais, redacción e analítica dixital.
- Coherencia entre a estrutura do equipo e as necesidades das accións propostas.

Criterio de valoración: adecuación, experiencia e definición de roles do equipo profesional proposto.

5. Propostas de mellora – 10 puntos

Valorarase a incorporación de **propostas de mellora que acheguen valor engadido ao servizo**, tales como:

- Accións adicionais para optimizar a estratexia de comunicación.
- Ideas para incrementar o impacto, visibilidade e notoriedade da BFFood.

- Incorporación de ferramentas, recursos ou servizos complementarios sen custo adicional.

Criterio de valoración: calidade, orixinalidade e impacto potencial das propostas de mellora presentadas.

8 Documentación a presentar por parte dos oferentes

Os oferentes deberán presentar a seguinte documentación:

- Documento de oferta técnica, con proposta de traballo, equipo profesional asignado, orzamento e, de ser o caso e propostas de mellora.
- Informe de experiencia na prestación de servizos similares

9 Presentación de ofertas

As ofertas deben ser enviadas ao enderezo info@bffood.gal ata o 07/11/2025 ás 23:59 h.

10 Emendas

Os documentos que formen parte da oferta e que requiran de emenda non se verán penalizados en ningún caso a efectos de puntuación. Se o oferente en cuestión non procede á emenda de erros, o devandito oferente poderá quedar de xeito automático excluído do proceso ou sen puntuación adicional en función do tipo de emenda requirida.